

[Frederick Wiseman, 2014]

OS OLLOS VERDES | V.O.S.E.
ESTREA EN NUMAX 20.05.2015

FICHA TÉCNICA

National Gallery, 2014, 175'

Dirección, guión e montaxe: Frederick Wiseman

Son: Emmanuel Croset, Frederick Wiseman

Fotografía: John Davey

Produtora: Idéale Audience, Gallery Film

Distribuidora: Surtsey Films

Estrea en España: 19.03.2015

Formato de proxección: DCP 2K, 1,85:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

At Berkeley, 2013

La danse, 2009

Public Housing, 1997

Welfare, 1975

Titicut Folies, 1967

«Pretendo retratar a xente mirando para os cadros e, ao revés e de xeito metafórico, os cadros a mirar para os espectadores. Digamos que o meu filme mira a xente, mira os cadros, mira a xente a mirar para os cadros e os cadros a mirar para a xente. Ese é o terreo de diálogo que procuro establecer»

Frederick Wiseman

SINOPSE

National Gallery, de Frederick Wiseman, adéntrase co público na institución londinense, nunha viaxe ao corazón do museo habitado por obras mestras da arte occidental desde o medievo até o século XIX. *National Gallery* é o retrato dun lugar, o seu xeito de traballar e as relacións que establece co mundo, o seu persoal, o seu público e as súas pinturas. A través dun perpetuo e vertixinoso xogo de espellos, o filme olla para a pintura e a pintura para o filme.



Calum Marsh entrevista Frederick Wiseman

Queríache preguntar cal cres que é a contradición principal dun centro de arte como institución. Pois neste filme estaba ben máis preocupado pola relación entre os cadros coa nosa experiencia... Por varios aspectos, e de feito non particularmente polas loitas internas de poder dentro do museo. Apúntanse algunhas no filme, mais parecíanme menos interesantes ca o que os cadros suxiren sobre o noso comportamento. Daquela, un dos temas principais de *National Gallery* é como ler un cadro e o que ese proceso nos conta da relación entre os cadros e a nosa vida cotiá. Pois os temas das pinturas son todos experiencias humanas capitais: amor, morte, guerra, relixión. E logo está de que maneira se contan esas historias.

Como decides facer esta aproximación á arte desde o cinema? Sempre que me foi posíbel, tentei filmar os cadros que quería que aparecieran sen que se viran nin os marcos nin a parede. Non quería converter o cadro en obxecto. O 85% do tempo puiden facelo así. Noutras ocasións, os cadros eran moi rectangulares ou non había maneira de sacalos sen que aparecera a parede. Mais o que me interesaba era fragmentar a pintura, unha vez dentro do cadro, en secuencias, porque cando miras un cadro sempre é algo simultáneo e un filme é lineal. E quería ver de presentar as pinturas nun filme lineal. Tamén ten que ver cunha das propostas do filme: como contar unha historia de distintas formas. Nun cadro ves toda a historia de vez, mentres que nun filme ou nunha novela...

É iso o que un dos primeiros guías do museo lles conta aos rapaces. Velaí. Así que o filme tenta distintas maneiras de contar unha historia. O guía cóntaa con palabras e hai outras moitas maneiras de facelo así: os poemas e as novelas, por exemplo.

Como decides o ritmo das filmacións, canto tempo amosarás en pantalla cada cadro? Todo se filma máis tempo do que ao final sae, porque nunca sei que cadros vou empregar e cales non nin canto tempo sairá de cada un. Ás veces só cómpren 60 ou 70 fotogramas e ás veces

precisas máis porque tamén queres mirar para esa pintura máis tempo, porque é preciso para que abrolle a relación entre as palabras que se empregan para explicar o cadro e o propio cadro. Se o plano dura pouco, pérdese todo iso. Por exemplo co *Sansón e Dalila* de Rubens, onde sempre filmaba de máis. O ideal é tamén poder decidir o ritmo durante a montaxe. E o ritmo sempre ten que ver coa duración do plano e a relación entre o cadro e as palabras que o acompañan, se é que as hai.

Xa hai tempo que traballas en dixital, mais sabendo da importancia que neste filme en particular ten a parte estética, algunha vez pensaches filmalo en 35mm.? Penso que se ve ben abondo. Podería dicir que aínda prefiro o celuloide, pero non deixa de ser algo sentimental. E ademais non o podería facer así. Os 35mm. Están acabados. Podo volver filmar neles, pero xa non hai laboratorios (ou só quedan uns poucos). Non hai maneira. Gústame o celuloide, editar nel e o seu acabado, pero a verdade é que as cámaras dixitais dan moito de si. Empregamos unha RED Epic para *National Gallery* e unha Sony para *At Berkeley*. A cantidade de cousas que se poden facer na etalonaxe cando é preciso -non sempre é así, pero si neste filme en particular, porque non quería distorsionar nada- é impresionante. Podes volver vermello o azul!

Con *National Gallery* quería que as cores se achegaran canto for posíbel ás orixinais. Aínda que iso de orixinal ten algo de metafísico, depende da luz! Se é de día de que hora sexa polo sol; de se hai luz de que tipo é, da túa visión... Tiña un standard guiándome polos libros que a National Gallery publicara con todos os seus cadros e pedinlle tamén ao etalonador que visitara o museo para fixarse ben. A corrección de cor de *National Gallery* levou dúas semanas.

Canto tempo filmaches? Doce semanas. Cada día. Ben, faltei un ou dous.

Publicado o 7 de novembro de 2014 en <http://penguinrandomhouse.ca/hazlitt/feature/if-youre-pretentious-be-obviously-pretentious-interview-frederick-wiseman>. Tradución do inglés orixinal: Ramiro Ledo Cordeiro

NA NOSA LIBRARÍA

La danza [DVD]. Frederick Wiseman
El arca rusa [DVD]. Alexander Sokurov
O espectador emancipado. Rancière, Jacques
La estética de la resistencia. Weiss, Peter
Making Time. Thomas Struth
El museo. Umberto Eco, Isabella Pezzini
Historia de la fealdad. Umberto Eco
Historia de la belleza. Umberto Eco

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org